



CIBDÁ D'ARMEA

10º  
ANIVER-  
SARIO  
2011  
2021

## ROTEIRO ARQUEOLÓXICO ETNOGRÁFICO ARMEA / SANTA MARIÑA DE AUGAS SANTAS

 CONCELLO DE Allariz

Santa Mariña de Augas Santas é un lugar sorprendente! Foi declarado Conxunto Histórico Artístico no 1963 e forma parte do percorrido da Vía da Prata, ao seu paso polo Concello de Allariz. En Santa Mariña mestúranse historia, tradición, lenda e unha fermosa paisaxe.

Foi asentamento de diferentes culturas que perduran no tempo; construcións galaico-romanas e medievais forman un verdadeiro conxunto arqueolóxico que deixará abraiado ou abraiada a quen realice este roteiro. ▲



[www.allariz.gal/turismo](http://www.allariz.gal/turismo)



➊ Comeza o percorrido no centro da aldea de Santa Mariña de Augas Santas, onde se ubica a monumental Igrexa de fundación románica (séc. XII-XIII). No seu interior atópase o mausoleo no que, di a tradición, descansa o corpo da Mariña. Á súa beira está a Fonte da Santa, a Rectoral e a Capela de Santo Tomé co seu pozo.



Seguiremos pola corredoira enlousada que descende ata o asento da Santa ➋, preto da inacabada ➌ Basílica medieval da Asunción e o Forno da Santa. Esta edificación foi declarada conxunto monumental no 1963 xunto ao Castro de Armea. Comezou a construirse a finais do séc. XIII, promovida pola orde templaria, e debaixo dela atópase a Cripta-forno da Santa que, xunto á Pedra Formosa, son restos dunha antiga sauna galaico-romana.



Continuaremos pola canella pavimentada ata chegar ao colosal bolo granítico do Penedo da Moura ➍, onde viraremos á dereita para abordar as Pioucas da Santa ➎, tradicionalmente, lugar de augas milagreiras. A súa orixe relaciónnase, quizais, cun antigo lagar de viño ou aceite de época romana.



Xa dentro do recinto da cibda de Armea, se seguimos á nosa dereita por unha fermosa carballeira, chegaremos ata as ruínas galaico-romanas da Atalaia ➏. Este terreo comezou a ser escavado na década dos 50 por Francisco Conde-Valvís. Desde o ano 2011, o Concello de Allariz e a Universidade de Vigo retomaron os traballos de escavación con campañas na tempada de verán. Na actualidade, podemos contemplar dúas grandes domus ou casas romanas, que se articulan arredor dunha rúa enlousada. As construcións están datadas dende o inicio do séc. I ao comezo do séc. III d.C.




Circunvalando a escavación, habemos atopar unha Calzada Romana 7 (trátase dunha derivación da vía XVIII do itinerario de Antónino en dirección Lucus Augusti). Na Idade Media foi utilizada polos peregrinos que percorrían a vía da Prata cara a Compostela.



Se seguimos esa calzada cara á esquerda (dirección ao aparcadoiro da Armea), iremos dar ao xacemento arqueolóxico do Monte do Señorío 8, descuberto polo veciño da Armea Manuel Losada. Está formado por rochas cortadas, escaleiras e muros, asociados a varias construcións arquitectónicas do séc. I d.C., que cumprían funcións, posiblemente, relacionadas coa vía que pasaba ao seu carón.



Cara ao sur, acercámonos á aldea da Armea, onde poderemos ver pechando un eido, un interesante Petróglifo da Idade de Bronce 9, situado á beira do camiño. Continuaremos ata a fonte e neste punto, tomaremos unha corredoiras cara ao leste, que nos mergullará nunha nova carballeira. Cruzarémola ata chegar ao cruzamento que, de novo, nos levará ao punto de partida.



- ① Igrexa Románica e Museo da Santa
- ② Asento da Santa
- ③ Basílica da Asunción e Forno da Santa
- ④ Penedo da Moura
- ⑤ Pioucas da Santa
- ⑥ Cibdá de Armea e escavacións arqueolóxicas Finca da Atalaia
- ⑦ Restos da calzada romana
- ⑧ Xacemento romano do Monte do Señorío
- ⑨ Petróglifo de Armea